

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de xullo de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D. David Regades Fernández
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados:

D. Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día dez de xullo de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(821).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(822).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE QUIOSCOS NAS PRAIAS DO MUNICIPIO, TEMPORADA ESTIVAL 2015. EXPTE. 10618/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 10/07/15, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

"A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 10 de xullo de 2015, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

1.- Adxudicacións

- a) *Explotación dos quioscos nas praias do municipio para a tempada estival 2015 (expediente 10618-306)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo 2015 (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 8 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo desta Mesa, adoptado na sesión de 7 de xullo de 2015 as 9.30 horas, de excluír do presente procedemento ós seguintes licitadores:

- *Obdulia Lastra Francisco, dos lotes nº 5 e nº 6, por ser a documentación presentada non apta, consonte a cláusula oitava do PCAP porque “A documentación gráfica achegada resulta inexacta e insuficiente: en primeiro lugar, non distingue a instalación pretendida para cada un dos Lotes ós que opta, sendo esta circunstancia especialmente importante xa que o lote nº 5 esixe unhas condicións particulares en canto á ubicación dos aseos, diferentes do resto de Lotes. Por outra banda, o plano da instalación non define os aseos plantexados, grafiándose parcialmente a palabra NULO sobre o módulo no que supostamente se ubicarían”.*
- *Ricardo Santiago Daponte, do lote nº 2, por ser a documentación presentada non apta, consonte a cláusula oitava do PCAP porque “Da documentación gráfica achegada, atendendo á acotación, se desprende que a superficie total da instalación proposta para o LOTE nº 2 excede dos 20,00 m² sinalados na memoria, xa que acada un total de 22,18 m². Neste sentido, lémbrese que ante contradicións documentais, técnicamente a documentación planimétrica acoutada primará sobre a memoria descriptiva”.*
- *Administración Playas, S.L., do lote nº9, por ser a documentación presentada non apta, consonte a cláusula oitava do PCAP porque “Da documentación gráfica achegada se desprende que a superficie total da instalación proposta para o LOTE nº 9 excede dos 20,00 m² exigibles, xa que acada un total de 23,35 m², contradecendo o exposto en diversas partes da memoria. Neste sentido reitérase o indicado para a proposta nº 2”.*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a adxudicación dos servizos de tempada nas praias no ano 2015, no seguinte orde decrecente:

- LOTE 1: quiosco do areal da Punta (A Guia):

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º.- Senén Robles Pérez	807,87 euros	100 PUNTOS

- LOTE 2: quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre)

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º.- Administración de Playas, S.L.	2152,82 euros	100 PUNTOS

- LOTE 3: quiosco do areal do Tombo do Gato

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º- María Francisco Touriño	6628,00 euros	100 PUNTOS
2º.- Mónica González Francisco	3500,00 euros	52,80 PUNTOS
3º.- Ana Belén Vázquez Alonso	3300,00 euros	49,78 PUNTOS

- LOTE 4, quiosco do areal do Tombo do Gato

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º- Ricardo Santiago Daponte	2016,16 euros.	100 PUNTOS
2º- Marta Lorenzo Barrera	2002,00 euros.	99,29 PUNTOS.

LOTE 5, quiosco do areal de Argazada

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º- María Francisco Touriño	21028,00 euros.	100 PUNTOS
2º- Mónica González Francisco	21005,00 euros.	99,89 PUNTOS
3º- Ana Belén Vázquez Alonso	21000,00 euros.	99,86 PUNTOS

LOTE 6, quiosco do areal de Samil

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º- Administración de Playas, S.L.	21328,75 euros	100 PUNTOS
2º- Marta Lorenzo Barrera	2002,00 euros.	9,38 PUNTOS

LOTE 7, quiosco do areal de Samil

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º- Administración de Playas, S.L.	23750,00 euros	100 PUNTOS

LOTE 8, quiosco do areal de Samil

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º- María Francisco Touriño	16128,00 euros	100 PUNTOS
2º- Mónica González Francisco	15528,00 euros	96,27 PUNTOS
3º- Ana Belén Vázquez Alonso	15300,00 euros	94,86 PUNTOS

LOTE 9, quiosco situado no areal do Vao

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º- Marta Lorenzo Barrera	2002,00 euros	100 PUNTOS

LOTE 10, Quiosco do areal do Vao

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º- Marta Lorenzo Barrera	2002,00 euros	100 PUNTOS

LOTE 11, incluirá o quiosco do areal da Etea-Rios

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º- Senén Robles Pérez	1607,87 euros	100 PUNTOS

Terceiro.- Requirir os licitadores clasificados en primeiro lugar para que presenten, no prazo dos cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requirir os licitadores clasificados en primeiro lugar o aboamento de 12,40 € por cada un dos lotes en concepto de custe dos anuncios de licitación.”

Segundo.- Este acordo foi notificado ós licitadores clasificados en primeiro lugar o día 8 de xullo de 2015, que presentan a documentación requirida en data 9 e 10 de xullo de 2015, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 10 de xullo de 2015, se comproba que esta é correcta salvo a presentada por Dna. Marta Lorenzo Barrera, que está incompleta. A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento os licitadores que teñen presentado a documentación correctamente, así como solicitar a Sra. Lorenzo que acredite ter depositado a fianza na Caixa Xeral de Depósitos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Á vista do informe do xefe do servizo de Medio Ambiente, de data 07-05-2015, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante con relación a cada lote é a formulada por:

- *LOTES 1 e 11: Senén Robles Pérez*
- *LOTES 2, 6 e 7: Administración de Playas, S.L.*
- *LOTES 3, 5 e 8: Maria Francisco Touriño*
- *LOTE 4: Ricardo Santiago Daponte*
- *LOTES 9 e 10: Marta Lorenzo Barrera*

Este informe poderá consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

1. *Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar o procedemento aberto para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo 2015(expediente 10618-306)ós seguintes licitadores:

- *D. Senén Robles Pérez o lote 1 por un canon de 807,87 euros e o lote 11 por un canon de 1.607,87 euros.*
- *Administración de Playas, S.L., o lote 2 por un canon de 2.152,82 euros, o lote 6 por un canon de 21.328,75 euros e o lote 7 por un canon de 23.750 euros.*
- *Dna. Maria Francisco Touriño o lote 3 por un canon de 6.628 euros, o lote 5 por un canon de 21.028 euros e o lote 8 por un canon de 16.128 euros.*
- *D. Ricardo Santiago Daponte o lote 4 por un canon de 2016,16 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(823).- ACEPTACIÓN DA RENUNCIA FORMAL Á PRÓRROGA DO CONTRATO SERVIZO SANITARIO-ASISTENCIAL CEDRO. EXPTE. 1850/315.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do asesor xurídico da área de Benestar Social, asinado polo xefe do servizo de CEDRO e polo xefe de área que di o seguinte:

"I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou, en sesión do 27.09.2013, adxudicar á mercantil "Clece, S.A." o contrato do servizo sanitario-asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas por un prezo total de 1.298.860,58€ (IVE incl.) e un prazo de execución de dous (2) anos, comezando a prestación o 01.11.2013, puidendo ser obxecto de dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha. O contrato foi formalizado en documento administrativo o 24.10.2013 (BOP nº 217, do 12.11.2013).

I.2. En data 27.05.2015 tivo entrada no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 150067723) oficio asinado polo representante legal de "Clece, S.A." (achégase copia da escritura pública de poder do 30.10.2002) comunicando formalmente a renuncia á prórroga dese contrato, que finaliza o vindeiro 30.10.2015, alegando razóns de índole económica.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- *CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).*
- *EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.*
- *L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.*
- *L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- *LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).*
- *ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).*
- *TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).*
- *TRLCSPP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).*
- *RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.*
- *RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.*
- *TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).*

- Pregos (FEC – PCAP) e contrato do servizo sanitario-asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, asinado o 24.10.2013 (BOP nº 217, do 12.11.2013).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

INFORME

III.1. Emítese este informe-proposta a pedimento verbal da Xefatura de Área de Benestar social de data 06.07.2015. O TAX que subscribe foi adscrito ó posto de traballo de «Asesor xurídico adxunto» da Área de Benestar social do Concello de Vigo mediante Resolución do Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013 e, nesa cualidade e a teor da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.03.2013, emite o informe solicitado.

III.2. Con carácter xeral, dispón o Art. 23 do TRLCSP que a duración dos contratos do sector público establecerase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter a concorrencia a realización daquelas. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrencia para a súa adxudicación teña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. A/s prórroga/s acordaranse polo órgano de contratación e será/n obrigatoria/s para o empresario, a non ser que o contrato expresamente dispoña o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

III.3. Especificamente, para os contratos de servizos o TRLCSP establece un réxime especial, distinto do xeral do Art. 23 (Informe JCCA nº 28/2008), debendo a prórroga estar prevista no contrato, ser de mútuo acordo e acordarse antes da súa finalización.

En efecto, o Art. 303.1 do TRLCSP sinala que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro (4) anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, ben que poderá preverse nos mesmos a súa prórroga por mútuo acordo das partes antes da finalización daquél, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis (6) anos e que as prórrogas non superen, aillada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

III.4. Así, a Cláusula 4 do contrato asinado o 24.10.2013 entre o Concello de Vigo e “Clece, S.A.” estipúlase que o seu prazo de execución sería de dous (2) anos, contado desde o 01.11.2013, puidendo ser obxecto de dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha, «sempre que medie acordo expreso do órgano de contratación».

III.5. No mesmo sentido, a Cláusula 7 do PCAP prescribía que o prazo de execución deste contrato sería o establecido no Apdo. 4.A das FEC (dous anos) e que podería ser obxecto de prórroga polo período previsto no Apdo. 4.C das FEC (dúas prórrogas dun ano cada unha), sempre que mediase acordo expreso da Xunta de Goberno Local e que o contratista non se opuxese á mesma cunha antelación de cinco (5) meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

III.6. No oficio asinado con data 27.05.2015 polo “Director Región Noroeste” de “Clece, S.A.”, D. José Vicente Ortega Rey, maniféstase a intención do contratista de “no iniciar una prórroga al contrato actual, a más de cinco meses de la fecha de finalización del mismo, el próximo 30 de Octubre de 2.015”. O motivo alegado para renunciar á prórroga prevista “estriba en razones de

índole puramente económico, que se han ido generando durante la gestión de la prestación de este servicio”.

III.7. Polo tanto, expresada en tempo e forma a vontade inequívoca do contratista, abeirada na normativa de contratación do sector público (Art. 303.1 TRLCSP) e na propia lei do contrato (Cláusula 7 PCAP), de non prorrogar o prazo de execución previsto, este contrato finalizará a súa vixencia na data inicialmente estipulada: o 30.10.2015.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127 LRBRL e D. Adic. 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte,

«ACORDO

«Aceptar a renuncia formal á prórroga do contrato do servizo sanitario-asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, manifestada polo actual contratista mediante oficio asinado polo representante legal de “Clece, S.A.” que tivo entrada o 27.05.2015 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 150067723). En consecuencia, a vixencia deste contrato finalizará o vindeiro 30.10.2015».

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente acordo.

4(824).- CORRECCIÓN ERROS, ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL, SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 19 DE XUÑO DE 2015, REFERENTE ÁS DELEGACIÓN NOS CONCELEIROS DE ÁREA. EXPTE. 29/1102.

Dáse conta da proposta da Alcaldía-Presidencia do 10 de xullo de 2015 que di o seguinte:

“Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015, delegouse no concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

“1. Autorizar a devolución de fianzas derivadas de relacións contractuais de ocupación de dominio público pola organización de eventos, e calquera outras que se puideran ter depositado na Tesourería municipal.”

Considerando que en aplicación das regras de interpretación do Código Civil o termo fianza é sinónimo dos termos aval, garantía, depósito; procede clarificar o acordo para garantir a súa correcta execución.

Para os anteditos efectos, no uso da da potestade fixada no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réximo xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e ao abeiro das competencias atribuídas a esta Alcaldía-Presidencia polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación, formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte

Primeiro.- Corrixir o acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de xuño de 2015 “6.- PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS” apartado 1. e así onde di:

1. Autorizar a devolución de fianzas derivadas de relacións contractuais de ocupación de dominio público pola organización de eventos, e calquera outras que se puideran ter depositado na Tesourería municipal.

deberá dicir:

1.- Autorizar a devolución de fianzas, avais, depósitos ou garantías derivadas de relacións contractuais, de ocupación de dominio público pola organización de eventos, e calquera outras que se puideran ter depositado na Tesourería municipal.

Estes cambios refundiranse co texto principal da Resolución do 19 de xuño de 2015 e farase referencia a eles mediante nota ao pé de páxina.

Segundo.- Comunicar a presente Resolución aos concelleiros-delegados e aos xefes das diferentes Áreas e Servizos Municipais mediante a súa inserción na intranet municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente acordo.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.